

INSTRUCCIÓN PARA A PROBA DE MAIO

Día 24/05/2013

10 horas. Aula 1/2.

A proba divídese en dúas partes:

Parte I (30 minutos) - Asociación e desenvolvemento de conceptos e procesos.

Nun folio por ámbalas dúas carañas. Con letra clara e lexible (non se lerán aqueles textos que resulten ilexibles, lóxicamente), aconséllase molde. Non se poden utilizar os apuntamentos durante a Parte I.

Descanso: 5 min.

Parte II (45 minutos) - Análise sobre aplicación práctica.

Nun folio por ámbalas dúas carañas. Con letra clara e lexible (non se lerán aqueles textos que resulten ilexibles, lóxicamente), aconséllase molde. Pódense utilizar os apuntamentos, máis o blogue. Procurarse e/ou traer computador. Por se a wi-fi non responde traer tamén pendrive, se de caso.

En todos os folios deben poñer apelidos e nome completos, e asinar cada folio no marxe, xunto ao profesor, para validar a escrita. Se non se fai así o exame non terá validez.

Criterios

1.- Preséntanse á proba de maio aqueles que non xustificaron faltas (segundo os supostos expresados na Guía do alumno), non entregaron as publicacións requeridas no blogue e os que, a consideración do docente, precisan demostrar a maiores os coñecementos impartidos e expostos na materia [[Ver listado](#)].

2.- Os criterios de avaliación son os expresados na Guía do alumno para a proba de maio.

3.- Prohíbese expresamente na aula da proba o uso de móbiles e outros dispositivos electrónicos (agás o caso do computador e pendrive na parte II do exame) e de apuntamentos e de notas (agás na parte II). Vulnear estes requisitos, e aqueles que impidan o desenvolvemento normal da proba, implicará o abandono da aula e a avaliación negativa do exame. Aqueles que cheguen impuntualmente a cada unha das partes da proba non terán acceso á aula. Convén, por tanto, estar xa instalados e dispostos na aula dantes da hora marcada de comezo.

4.- Nos cinco minutos de descanso deben preparar os computadores a tempo para o comezo da parte II, que se iniciará inmediatamente despois dos 5 minutos de descanso.

5.- O profesor non avanzará, nin antes nin despois da proba, notas ou resultado parcial dos traballos e avaliacións habidas. Deben agardar á exposición e remite das notas finais e, se de caso, após solicitar titoría ao través do correo da asignatura nos prazos que, trala proba, se anunciarán.

Gracias.